

DISPOSICIÓN FINAL

Este Regulamento entrará en vigor unha vez aprobado definitivamente polo Concello e publicado integramente no B.O.P, sempre e cando transcurra o prazo sinalado polo art. 65.2 por remisión do 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Soutomaior, 16 de maio de 2005.—O Alcalde,
Agustín Reguera Ocampo. **2005004787**

* * *

P O I O**A N U N C I O**

Aprobada inicialmente polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 9/03/2005, a Ordenanza Xeral Reguladora das Subvencións do Concello de Poio, e non presentándose reclamación ningunha en contra da mesma durante o prazo de exposición pública, segundo anuncio publicado no BOP de data 08/04/2005, queda aprobada definitivamente, procedendo a súa publicación:

**ORDENANZA XERAL REGULADORA
DAS SUBVENCIÓNS DO CONCELLO DE POIO**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Coa finalidade de regular, dándolle un tratamento homoxéneo a relación xurídica subvencional nas diferentes Administracións Públicas, aprobouse a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións. Trátase de responder adecuadamente as necesidades que a actividade subvencional das Administracións Públicas esixe actualmente nos aspectos de transparencia, control financeiro e réxime sancionador.

O art. 3.1b) da lei inclúe ás entidades que integran a Administración Local no ámbito de aplicación subxectiva, impondo o art. 9 a obriga de aprobar con carácter previo ó outorgamento das subvencións, as bases reguladoras da concesión nos termos previstos na Lei.

O art. 17.2 da lei establece que “las bases reguladoras de las subvenciones de las Corporaciones Locales se deberán aprobar en el marco de las bases de ejecución del presupuesto, a través de una ordenanza general de subvenciones o mediante una ordenanza específica para las distintas modalidades de subvenciones”.

Polos motivos expostos, considerouse a conveniencia de elaborar unha Ordenanza Xeral de Subvencións que contemple as actividades de tipo social, cultural e deportivas, e outras, cuxas convocatorias son as máis frecuentes no ámbito municipal, precisamente polo seu carácter complementario dos servizos públicos tradicionais, e desta forma, cum-

prir coas obrigacións legais impostas, previas a aprobación das diferentes convocatorias de subvencións.

**TÍTULO I
DISPOSICIÓN XERAIS**

ARTIGO 1. OBXETO

Esta ordenanza ten por obxecto regular e fixar os criterios e o procedemento de concesión de subvencións outorgadas polo Concello de Poio, ó amparo do establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e no ámbito territorial do Concello de Poio.

Con estas bases reguladoras preténdese definir uns obxectivos e garantir os cidadáns e entidades, en igualdade de condicións, o acceso a estas prestacións para servizos e actividades que complementen ou suplan os atribuídos a competencia local.

ARTIGO 2. CONCEPTO DE SUBVENCIÓN

1. Terá a consideración de subvención toda disposición dineraria realizada directa ou indirectamente, con cargo os Orzamentos do Concello, que outorgue a Corporación, en materias de competencia do municipio e que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Que a entrega se realice sen contraprestación directa dos beneficiarios
- b) Que a entrega estea suxeita ó cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenrolar, ou a concorrencia dunha situación debendo o beneficiario cumprir as obrigas materiais e formais que se establecesen nesta ordenanza e normas das convocatorias específicas.
- c) Que o proxecto, a acción, conduta ou situación financiada teña por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública.

2. Non terán carácter de subvenciones as comprendidas nos seguintes supostos:

- a) O crédito oficial, agás nos supostos en que a administración pública subvencione ó prestatarario a totalidade ou parte dos intereses ou outras contraprestacións da operación de crédito.
- b) As que supoñan concesión de exencións non permitidas polo RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da LRFLL, en materia de recursos locais de natureza tributaria e non tributaria.

- c) O prezo dos contratos celebrados polo Concello de acordo coa normativa vixente en materia de contratación.
3. Quedan excluídas do ámbito de aplicación desta ordenanza as seguintes:
- Premios que se outorguen sen a previa solicitude do beneficiario.
 - As subvencións ós grupos políticos do Concello, segundo o estableza a súa propia normativa.

ARTIGO 3. PRINCIPIOS

A concesión e xestión das subvencións suxeitarase os seguintes principios:

- Publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.
- Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Corporación.
- Eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

Ademais o outorgamento das subvencións terá carácter voluntario e eventual, non será invocable como precedente e non será esixible aumento ou revisión da subvención.

ARTIGO 4. CARACTERÍSTICAS DAS SUBVENCIONS

- Estarán afectas ó cumprimento da finalidade de interese xeral a que se condicione o seu outorgamento.
- Non poderán obedecer a mera liberalidade.
- Non poderán invocarse como precedente.
- Non xerará en favor do beneficiario dereito a esixir o aumento ou revisión
- A entrega da subvención non suporá contra-prestación directa do beneficiario
- Non terán carácter contractual
- En ningún caso o importe da subvención poderá ser de tal contía que illadamente ou en concorrencia con outras axudas ou subvencións públicas ou privadas, supere o custo total da actividade a desenvolver polo beneficiario.

As bases de cada convocatoria sinalarán a contía ou porcentaxe máxima subvencionable ou ben unha combinación de ámbalas. Isto mesmo será de aplicación as subvencións de concesión directa.

- Serán revogables ou reducibles de oficio cando se comprobe que a actividade subvencionada non foi realizada total ou parcialmente, ou que se aplique a unha finalidade diferente daquela para a que foi concedida.
- As actividades subvencionadas deberán ser realizadas antes de finalizar o prazo que se

estableza na resolución da concesión e , en todo caso, antes do 31 de decembro do ano da súa concesión. En supostos excepcionais poderase outorgar un prazo máis longo sempre que así se contemple nas bases da convocatoria correspondente.

ARTIGO 5. NORMATIVA

Os procedementos de concesión de subvencións para as actividades que se indican na presente ordenanza, deberán axustarse a esta norma, e no previsto nela, a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e demais normativa legal aplicable.

TÍTULO II BENEFICIARIOS

ARTIGO 6. REQUISITOS PARA OBTEN A CONDICIÓ DE BENEFICIARIO

1.—Terán a consideración de beneficiario as persoas ou entidades que se atopen na situación que fundamenta a concesión da subvención ou nas que concorran as circunstancias previstas nas bases reguladoras e na convocatoria.

Poderán ser beneficiarios das subvencións económicas que se regulan nesta ordenanza e, en consecuencia, peticionarias destas:

- As entidades e asociacións sen finalidade de lucro, públicas ou privadas domiciliadas no Concello de Poio, que realicen actividades de interese municipal e se atopen debidamente inscritas no Rexistro municipal de asociacións.
- As persoas físicas domiciliadas no Concello que realicen actividades de interese municipal
- As entidades e asociacións sen finalidade de lucro públicas ou privadas e as persoas físicas que, aínda que non sexan domiciliadas no municipio de Poio, realicen actividades de interese municipal dentro do termo municipal ou en beneficio do mesmo.

2. Non poderán obter a condición de beneficiario as persoas ou entidades as que fai referencia o artigo 13 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.

ARTIGO 7. OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS

Son obrigas dos beneficiarios:

- Cumprir o proxecto ou actividade que fundamentou a concesión da subvención.
- Xustificar ante o Concello de Poio, o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e finalidade que determine a concesión da subvención.
- Someterse as actuacións de comprobación e control que sexan debidamente requiridas polos ór-

ganos municipais, aportando tanta información lles sexa requirida no exercicio destas actuacións e que estean relacionadas coa concesión da subvención.

4. Comunicar ó Concello a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza, e en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos percibidos.

5. Acreditar con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión que se atopa ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias coas facendas Estatal, Autonómica, e Local e fronte a Seguridade Social.

6. Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable, ou no seu caso, os estados contables que garantan o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.

7. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de control e comprobación.

8. Deberán dar a adecuada publicidade do carácter público da financiación de programas, actividades, investimentos ou actuacións de calquera tipo que sexan obxecto de subvención, có logotipo aprobado polo Concello de Poio. Asemade, toda a publicidade; folletos, cuñas publicitarias, pancartas, carteis, etc.. deberán estar redactados polo menos en galego.

9. Proceder ó reintegro dos fondos públicos percibidos nos supostos contemplados no título VI deste regulamento, de conformidade co art. 37 da LXS.

TÍTULO III

ACTIVIDADES OBXECTO DE SUBVENCIÓN

ARTIGO 8. ACTIVIDADES OU PROXECTOS SUBVENCIONABLES

Serán subvencionables as actividades programadas nas convocatorias específicas, e referidas as áreas de:

- a) Cultura: na área de cultura será calquera actividade cultural relacionada coas artes, as ciencias e as letras. Igualmente serán obxecto de subvención, as actividades de animación sociocultural, especialmente as de ocio e tempo libre, destinadas ó fomento da cultura, así como espectáculos musicais e folclóricos, formacións corais, certames, conferencias, seminarios, etc.
- b) Turismo: na área de turismo será calquera actividade destinada ó fomento do turismo

no municipio de Poio, así como o coñecemento e fomento da mesma fora do termo municipal.

- c) Festexos: na área de festexos, calquera actividade relacionada cos festexos tradicionais que complementen as actividades municipais nesta materia.
- d) Deporte: son subvencionables os gastos derivados da organización de actos e actividades deportivas ou relacionadas coa promoción do deporte.
- e) Educación: actividades dos centros educativos dirixidas a formación do alumnado, axudas para libros e material escolar, axudas para transporte escolar e demais actividades dirixidas ó sector educativo.
- f) Xuventude: actividades de animación sociocultural, programas destinados a xoves, concursos, exposicións, outras actividades relacionadas ca cultura e creación xuvenil, programas de información e asesoramento, ocio e tempo libre, actividades formativas educativas, revistas e publicacións e, en xeral, todas aquelas actividades relacionadas co fomento da participación o asociacionismo xuvenil.
- g) Saúde: actividades encamiñadas a prevención, protección e promoción da saúde, dirixidas a poboación en xeral e colectivos en particular, como xoves, maiores, muller, nenos, etc. Tamén aqueles proxectos ou programas que contemplen obxectivos educativos e preventivos que fomenten a saúde dos diferentes grupos de poboación. Serán tamén subvencionables os gastos derivados de actividades informativas-formativas, organización de actos públicos, como xornadas, seminarios, etc., que faciliten o coñecemento, inserción e rehabilitación de enfermos.
- h) Medio Ambiente: actividades encamiñadas a protección do medio ambiente urbano e natural e a promoción de todo tipo de actividade que se dirixa especialmente a esta protección. Tamén actividades formativas, de información, e participación dos veciños. .
- i) Participación Veciñal: actividades dirixidas a promoción sociocultural, funcionamento e actuacións das Asociacións de Veciños. Festexos populares nas parroquias e barrios do Concello de Poio.
- k) Servizos Sociais: serán subvencionables as actividades orientadas a prevención, intervención, asistencia, rehabilitación, integración social ou promoción do benestar social da familia, a infancia e a adolescencia, maiores, mulleres, persoas con discapacidade, inmigrantes, xitanos e outros colectivos en situación de risco de exclusión social, así como

as destinadas a promoción do movemento asociativo e voluntariado social e a atención de situacións de graves carencias ou emerxencia social.

- l) Outras: calquera outra actividade que sexa complementaria da actividade municipal e susceptible de subvencionar por dirixirse a un colectivo de poboación determinado.

TÍTULO IV **PROCEDEMENTOS DE CONCESIÓN** **DE SUBVENCIONS**

CAPITULO I **PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN EN RÉXIME** **DE CONCURRENCIA COMPETITIVA**

ARTIGO 9. OS PROCEDEMENTOS DE CONCESIÓN

Os procedementos de concesión de subvencións, serán con carácter xeral e ordinario o de concorrencia competitiva, e con carácter excepcional, previa xustificación, o de concesión directa.

ARTIGO 10. PROCEDIMENTO ORDINARIO. *A CONCURRENCIA COMPETITIVA*

O procedemento ordinario de concesión das subvencións as que se refire a presente norma tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, requirindo para a súa concesión a comparación, nun único procedemento, dunha pluralidade de solicitudes ente sí, de acordo cos criterios establecidos nesta norma e nas bases que, no seu caso, poderán rexer a convocatoria correspondente

ARTIGO 11. CONVOCATORIA

1. O procedemento para a concesión de subvencións iniciarase mediante convocatoria efectuada polo órgano competente para a súa resolución e publicada no taboleiro de anuncios do Concello e nun dos xornais de maior difusión da provincia.

Se o importe total das subvencións a otorgar en un mesmo procedemento excede de 30.000 euros, publicarase tamén un extracto no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

2. Non poderá iniciarse o procedemento de concesión das subvencións sen que previamente o órgano competente teña establecidas as bases reguladoras da convocatoria da subvención

3. No anuncio da convocatoria indicarse como mínimo:

- a) Obxeto e finalidade da subvención.
- b) Requisitos para solicitar a subvención e forma de acreditación
- c) Lugar das oficinas municipais donde os interesados poidan obter as bases da convocatoria.

- d) Lugar e prazo de presentación das solicitudes.
- e) Expresión de que a concesión efectúase mediante un réxime de concorrencia competitiva.

ARTIGO 12. BASES DA CONVOCATORIA

Previamente á publicación da convocatoria, o órgano competente para a resolución do procedemento deberá aprobar as bases específicas que a rixen.

As bases deberán respetar, en todo caso, a presente norma e conterán como mínimo:

- a) Definición do obxeto e finalidade da subvención.
- b) Créditos orzamentarios os que se imputa a subvención e a contía total máxima das subvencións convocadas dentro dos créditos dispoñibles ou, no seu defecto, contía estimada das subvencións.
- c) Requisitos que deberán reunir os beneficiarios para a obtención da subvención e, no seu caso, os membros das entidades contempladas no apartado 3 do artigo 11 da LXS.
- d) Forma e prazo en que deben presentarse as solicitudes.
- e) Documentos e informacións que deben acompañarse á solicitude.
- f) Condicións de solvencia e eficacia que deban reunir as persoas xurídicas.
- g) Procedemento de concesión da subvención.
- h) Criterios obxetivos de valoración de solicitudes e, no seu caso, ponderación dos mesmos.
- i) Órganos competentes para a ordenación, instrucción e resolución do procedemento de concesión da subvención e o prazo de resolución e notificación.
- j) Indicación de se a resolución pon fin á vía administrativa e, no caso contrario, órgano ante o que impor o recurso de alzada.
- k) Medio de notificación ou publicación.
- l) Determinación, no seu caso, dos libros e rexistros contables específicos para garantir a adecuada xustificación da subvención.
- m) Prazo e forma de xustificación por parte do beneficiario, do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos percibidos.
- n) Medidas de garantía que, no seu caso, se considere preciso constituir a favor do órgano concedente, medios de constitución e procedemento de cancelación.
- o) Forma e prazo de pagamento da subvención. Posibilidade de efectuar pagos anticipados e abonos a conta, así como o réxime de

garantías que, no seu caso deban aportar os beneficiarios.

- p) Circunstancias que, como consecuencia da alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, puideran dar lugar á modificación da resolución.
- q) Compatibilidade ou incompatibilidade con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de Organismos Internacionais. No caso de admitir a compatibilidade deberán establecerse límites ou criterios para evitar a sobre-financiamento.
- r) Procedemento de reintegro de subvencións percibidas.
- s) Criterios de graduación dos posibles incumprimentos de condicións impostas con motivo da concesión das subvencións. Estes criterios resultarán de aplicación para determinar a cantidade que finalmente perciba o beneficiario ou, no seu caso, o importe a reintegrar, e deberán responder ó principio de proporcionalidade.
- t) Procedemento sancionador.

3.—As bases redactadas, así como, os informes previos, serán remitidos a Intervención municipal para a emisión do preceptivo informe.

4.—O órgano competente para a aprobación das bases e resolución do procedemento e o Alcalde ou Presidente dos Organismos Autónomos, se a contía da convocatoria non excede dos 3.005,06 euros e a Xunta de Goberno ou órgano similar nos Organismos Autónomos se supera ese importe.

ARTIGO 13. PRINCIPIOS XERAIS

Con carácter xeral e sen prexuízo dos criterios propios que se establezan nas respectivas convocatorias, estas deberán respectar en todo caso para o outorgamento das subvencións, os seguintes principios:

- a) Interese xeral da actividade e beneficio para os cidadáns de Poio.
- b) Inexistencia ou déficit de actividades análogas.
- d) Prioridade para aquelas actividades que sen a subvención serían de difícil posta en funcionamento.
- e) Número de beneficiarios directos ou indirectos.
- f) O volume de subvencións concedidas para a mesma finalidade.

ARTIGO 14. PRINCIPIOS ECONÓMICOS

As respectivas convocatorias fixarán as contías máximas das subvencións susceptibles de concesión, imputables as partidas orzamentarias atendendo os créditos dispoñibles.

A contía da subvención poderá vir determinada de forma individualizada ou ben resultar da aplicación de porcentaxes destinados a gastos ou actividades que se fixen na convocatoria.

En calquera caso, a contía máxima subvencionable non poderá superar o importe solicitado nin o total da actividade.

Sempre que así se estableza na respectiva convocatoria, o importe non concedido poderá prorratearse entre os beneficiarios da convocatoria, sen superar o importe máximo global.

Será a convocatoria a que determine o réxime de compatibilidade ou incompatibilidade para a percepción de outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, así como a realización de pagos a conta ou pagos anticipados. Estes últimos suporán entregas de fondos con carácter previo a xustificación, como financiación necesaria para poder levar a cabo as actuacións inherentes a subvención.

No caso da non previsión na respectiva convocatoria, o pago da subvención realizarase previa xustificación, polo beneficiario, da realización da actividade ou proxecto.

ARTIGO 15. INICIACIÓN DO PROCEDIMENTO E SOLICITUDES

1. O procedemento para a concesión das subvencións iniciarase de oficio, mediante convocatoria aprobada polo órgano competente que establecerá o procedemento para a concesión das subvencións e o contido estipulado no art. 9 deste regulamento.

2. As solicitudes presentaranse no Rexistro de Entrada do Concello, dirixidas ó Excmo. Sr. Alcalde-Presidente e deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

- a) Acordo dos órganos representativos da entidade solicitante, o escrito do representante ou da persoa física, que xustifique a necesidade da subvención solicitada.
- b) Memoria das actividades para as que solicita subvención, co orzamento detallado por actividades e partidas.
- c) Declaración formal das subvencións solicitadas ou percibidas doutras institucións públicas ou privadas para esa mesma actividade.
- d) Os datos bancarios da conta á que se transferirá o importe da subvención.
- e) Certificado da Tesoureira municipal e do O.R.A.L. conforme a encontrarse ó corrente nas obrigas tributarias coa facenda municipal.

- f) Declaración responsable de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario e de non ser debedor da Facenda Estatal e autonómica nin da Seguridade Social.
- g) Calquera outra documentación ou xustificación que a efectos de comprobación ou concreción de datos poida acordarse nas respectivas convocatorias de concesión das subvencións.

3. Sempre que así se estableza nas convocatorias, poderase admitir a substitución da presentación de determinados documentos por unha declaración responsable do solicitante. Neste caso, con anterioridade a proposta de resolución de concesión da subvención, deberase requirir a presentación da documentación que acredite a realidade dos datos contidos na citada declaración, nun prazo non superior a 15 días.

4. Se a solicitude non reúne os requisitos establecidos na norma da convocatoria, o instrutor requirirá ó interesado para que a corrixa no prazo máximo e improrrogable de dez días, indicándolle que se non o fixese teráselle por desistido da súa solicitude, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no art. 71 de la lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e de Procedemento Administrativo Común.

ARTIGO 16. ÓRGANO DE INSTRUCCIÓN

1.—A instrucción do procedemento de concesión de subvencións corresponderá ó persoal administrativo dos servizos municipais da concellería que se designe na convocatoria. Realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

2.—As actividades de instrución comprenderán:

- a) Petición de cantos informes estime necesarios, que serán emitidos nos prazos regulamentarios, para resolver ou sexan esixidos polas normas que regulen as subvencións.
- b) Avaliación das solicitudes ou peticións, realizada segundo os criterios, formas e prioridades de valoración establecidos nas convocatorias.
- c) Unha vez avaliadas as solicitudes, o órgano colexiado previsto nas bases da convocatoria deberá emitir informe no que se concrete o resultado da avaliación realizada.
- d) Á vista do expediente e do informe do órgano colexiado, o órgano instrutor formulará proposta de resolución provisional, debidamente motivada, que deberá notificarse a tódolos interesados na forma que se estableza na convocatoria, concedéndose un prazo de 10

días para formular alegacións. Se poderá prescindir deste trámite de audiencia cando non figuren no procedemento nin sexan tidos en conta outros feitos nin outras alegacións e probas que as aducidas polos interesados. Neste caso, a proposta de resolución provisional formulada terá o carácter de definitiva.

- e) Examinadas as alegacións, o órgano instrutor formulará proposta de resolución definitiva, que expresará o solicitante ou relación de solicitantes para os que se propón a concesión da subvención, a contía, especificando os criterios seguidos para realizala.

3.—O expediente de concesión de subvencións conterá o informe do órgano instrutor no que conste que da información que obra no seu poder se desprende que os beneficiarios cumpren tódolos requisitos necesarios para acceder as mesmas.

4.—As propostas de resolución provisional e definitiva non crean dereito a favor do beneficiario/s proposto/s, mentres non se dite e notifique a resolución do órgano competente.

ARTIGO 17. ORGANO COLEXIADO

Ós efectos previstos no art. 22.1 de la LXS, o órgano colexiado competente para a proposta de concesión estará composto como mínimo, polo Concelleiro correspondente, e o persoal administrativo do concello que se estableza nas correspondentes convocatorias.

ARTIGO 18. RESOLUCION

1.—O órgano competente a vista da proposta de resolución definitiva resolverá o procedemento.

2.—A resolución ademais do solicitante ou relación de solicitantes ós que se concede a subvención, fará constar, no seu caso, e de maneira expresa, a desestimación do resto das solicitudes.

3.—O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de seis meses. O prazo se computará a partir da publicación da correspondente convocatoria, salvo que a mesma pospoña os seus efectos a unha fecha posterior.

4.—O vencemento do prazo máximo sen notificarse a resolución, lexítima ós interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da subvención.

5.—Cando o importe da subvención da proposta de resolución provisional sexa inferior ó que figura na solicitude presentada, instarase o beneficiario a reformulación da súa solicitude para axustar os compromisos e condicións a subvención outorgable, nun prazo máximo e improrrogable de dez días, sempre que así se estableza nas convocatorias respectivas. De non facelo, entenderase desistido da

súa petición, circunstancia que deberá notificarse segundo previsto na LRJPAC.

ARTIGO 19. PUBLICIDADE DAS SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS

1. Segundo o establecido no artigo 18.2 da LXS a publicidade das subvencións concedidas realízase no taboleiro de anuncios do Concello. No Diario Oficial da Provincia publicarase un extracto da resolución pola que se ordena á publicación no taboleiro de anuncios.

A publicidade expresará a convocatoria, programa e crédito orzamentario o que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade ou finalidades da subvención.

2. Non será necesaria a publicación dos datos do beneficiario cando por razón do obxecto da subvención, poida ser contraria ó respecto e salvagarda da honra, a intimidade persoal e familiar das persoas físicas, e así se previra na convocatoria reguladora.

CAPÍTULO II

PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DIRECTA

ARTIGO 20. CONCESIÓN DIRECTA

Poderán concederse de forma directa e sen necesidade de convocatoria pública, as seguintes subvencións:

1.—As previstas nominativamente no orzamento do Concello nos termos recollidos nos convenios, acordos ou decretos de concesión das mesmas, polos que se regulan estas subvencións.

Será necesario motivar no orzamento o acudir a este procedemento de concesión de subvencións, tal como require a Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común para os procedementos excepcionais.

2.—Aqueles nas que o outorgamento ou contía veña imposto a Administración por unha norma de rango legal, que seguirán o procedemento de concesión que lles resulte de aplicación de acordo coa súa propia normativa.

3.—Con carácter excepcional, aquelas outras subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

4.—Tamén se poderán conceder de forma directa as previstas en partida orzamentaria de forma global cando se faga constar nas bases de Execución as contías máximas correspondentes a cada un dos beneficiarios, sobre todo no caso das Comisións de festas tradicionais.

A documentación a presentar, en calquera caso, polas Comisións de festas tradicionais será a seguinte:

- a) Instancia.
- b) Documento xustificativo da composición da Comisión.
- c) Proxecto explicativo das actuacións que se pretende levar a cabo.
- d) Orzamento de gastos e ingresos.

5.—A competencia para a concesión de subvencións de forma directa será do Alcalde ou Presidente dos organismo autónomos, sempre que estean previstas nominativamente nos orzamentos, e aquelas en que os seu outorgamento e contía veñan impostas por norma legal, tamén aquelas que se concedan con carácter excepcional cando non superen o importe dos 3.000,00 euros.

6.—Os beneficiarios de subvencións directas están suxeitos o réxime de xustificación previsto para os demais casos.

A publicidade dos beneficiarios de subvencións directas realizarase conforme o disposto no artigo 19 da presente ordenanza.

TÍTULO V

GASTOS SUBVENCIONABLES XUSTIFICACIÓN E PAGO

ARTIGO 21. GASTOS SUBVENCIONABLES

1.—Se consideran gastos subvencionables aqueles que de maneira indubitada respondan a natureza da actividade subvencionada, e se realicen no prazo establecido nas convocatorias. Os gastos financeiros, de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistras e os gastos periciais para a realización do proxecto ou actividade subvencionada e os de administración específicos, son subvencionables se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma. En ningún caso serán gastos subvencionables:

- a) Os xuros debedores das contas bancarias.
- b) Xuros, recargos e sancións administrativas e penais.
- c) Os gastos de procedementos xudiciais.
- d) Os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación.
- e) Impostos persoais sobre a renda. Salvo disposición expresa en contrario nas bases reguladoras das subvencións, considerarase gasto realizado o que fora efectivamente pagado con anterioridade a finalización do período de xustificación.

En ningún caso o custo dos gastos subvencionables poderá ser superior ó valor de mercado.

2.—Considerarase gasto subvencionable o que foi realizado e efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado na correspondente convocatoria, salvo que esta estableza disposición expresa en contrario que permita a xustificación do pago no prazo de 10 días dende o abono da subvención pola Tesourería municipal.

ARTIGO 22. PAGO

Non poderá realizarse o pago da subvención en tanto o beneficiario no se atope ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

O Servizo administrativo correspondente deberá remiti-los expedientes a Intervención Municipal co informe que acredite a adecuación da documentación solicitada ó proxecto ou actividade subvencionable, e ás bases da convocatoria.

ARTIGO 23. XUSTIFICACIÓN

1. A xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos na concesión da subvención, se documentará a través da rendición da conta xustificativa, que constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se deben incluír, baixo responsabilidade do declarante, as facturas xustificantes (orixinais ou copias compulsadas) que permitan acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.

Esta conta xustificativa deberá incluír unha declaración das actividades realizadas que foron financiadas cá subvención, e o seu custe, co desglose de cada un dos gastos incorridos, con indicación de provedor (NIF), concepto e importe. Estes gastos se acreditarán mediante facturas expedidas con tódolos requisitos establecidos no art. 6 do RD 1496/03 e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa. Ademais as facturas estarán datadas no período subvencionable e conterán selo de estar pagadas ou presentar xustificación documental que acredite o pago.

En ningún caso se admitirá como xustificación os simples “recibís”.

Se axuntará asemade, relación desagregada de tódolos ingresos que financiar a actividade: fondos propios, subvención concedida e outras subvencións ou aportacións para a mesma finalidade, indicando importes e procedencias.

2.—A súa presentación se realizará como máximo no prazo establecido nas correspondentes convocatorias do orzamento Municipal, e que en ningún caso será superior a tres meses dende a finali-

zación do prazo para a realización da actividade, e sempre dentro do exercicio orzamentario no que se concede a subvención.

3.—As bases reguladoras da subvención determinarán o órgano competente para a comprobación da xustificación da subvención, que se materializará na emisión dun informe que acredite a adecuación da xustificación, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión ou aproveitamento da subvención. Informe que se axuntará á conta xustificativa.

ARTIGO 24.

As subvencións que se concedan en atención a concorrencia dunha determinada situación no receptor, non requirirán outra xustificación que a acreditación, por calquera medio admisible en dereito, de dita situación previamente a concesión, sen prexuízo dos controles que puideran establecerse para verificar a súa existencia.

TÍTULO VI

PROCEDEMENTO DE REINTEGRO

ARTIGO 25. REINTEGRO

1. O órgano concedente será o competente para esixir do beneficiario o reintegro das cantidades percibidas e o interese de demora dende a data do pago da subvención ata a data en que se acorde a procedencia ó reintegro. Cando se aprecie a existencia dalgún dos supostos seguintes:

- a) Obtención da subvención falseando as condicións requiridas para elo ou ocultando aquelas que o impedirán.
- b) Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade, do proxecto ou a non adopción do comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
- c) Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente, nos termos establecidos nesta ordenanza.
- d) Incumprimento da obrigación de adoptar as medidas de difusión que se establezcan.
- e) Resistencia, escusa, obstrución ou negativa as actuacións de comprobación e control financeiro previstas nos artigos 14 e 15 da LXS, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistras ou de conservación de documentos cando de elo se derive a imposibilidade de verificar o fin dado os fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou priva-

dos, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

- f) Incumprimento das obrigas impostas pola Administración ás entidades colaboradoras e beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos con motivo da concesión da subvención, sempre que afecten ou se refiran ó modo en que se deben acadar os obxectivos, realizar a actividade, executar o proxecto ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
- g) Incumprimento das obrigas impostas pola Administración ás entidades colaboradoras e beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, distintos dos anteriores, cando de elo se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado ós fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
- h) A adopción, en virtude do establecido nos artigos 87 a 89 do Tratado da Unión Europea, dunha decisión da que se derive unha necesidade de reintegro.
- i) Nos demais supostos previstos na normativa reguladora da subvención.

2. Cando o importe da subvención en concorrencia con outra subvención, axudas, ingresos ou recursos, supón o custo total da actividade subvencionada, procederá o reintegro do exceso obtido sobre o custo da actividade subvencionada, así como a esixencia do interese de demora correspondente.

3. Cando na convocatoria correspondente se establezan criterios de graduación dos posibles incumprimentos das condicións impostas con motivo da concesión das subvencións. Estes criterios resultarán de aplicación para determinar a cantidade que finalmente vaia a percibir o beneficiario da subvención ou o importe a reintegrar e deberán responder ó principio de proporcionalidade.

ARTIGO 26. NULIDADE DA RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

1. Son causas de nulidade da resolución de concesión:

- a) As indicadas no artigo 62.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

- b) A carencia ou insuficiencia de crédito, de conformidade co establecido no RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

2. Son causas de anulabilidade da resolución de concesión as demais infraccións do ordenamento xurídico, e, en especial, das regras contidas na LXS, de conformidade co disposto no artigo 63 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

3. Cando o acto de concesión incurrira nalgún dos supostos mencionados nos apartados anteriores, o órgano concedente procederá a súa revisión de oficio ou, no seu caso, á declaración de lesividade e ulterior impugnación, de conformidade co establecido nos artigos 102 e 103 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

4. A declaración xudicial ou administrativa de nulidade ou anulación levará consigo a obrigación de devolver as cantidades percibidas.

5. Non procederá a revisión de oficio do acto de concesión cando conorra algunha das causas de reintegro contempladas no artigo anterior.

ARTIGO 27. NATUREZA DOS IMPORTES A REINTEGRAR E DOS PROCEDEMENTOS PARA A SUA ESIXENCIA

1. As cantidades a reintegrar terán a consideración de ingresos de dereito público, resultando de aplicación para o seu cobro o previsto na Ley General Presupuestaria

2. O interese de demora aplicable en materia de subvencións será o interese legal do diñeiro incrementado nun 25 por cento, salvo que a Lei de Presupuestos Generales do Estado estableza outro diferente.

3. O destino dos reintegros dos fondos da Unión Europea terá o tratamento que no seu caso determine a normativa comunitaria.

4. Os procedementos para a exixencia do reintegro das subvencións, terán sempre carácter administrativo.

ARTIGO 28. PRESCRIPCIÓN

1. Prescribirá os catro anos o dereito da Administración a recoñecer ou liquidar o reintegro.

2. Este prazo se computará, en cada caso:

- Dende o momento no que vence o prazo para presentar a xustificación por parte do beneficiario ou entidade colaboradora.

— Dende o momento da concesión no suposto previsto no artigo 24 desta ordenanza

3. O cómputo do prazo de prescrición interromperase:

- a) Por calquera acción da Administración, realizada con coñecemento formal do beneficiario ou da entidade colaboradora, conducente a determinar a existencia dalgunha das causas de reintegro.
- b) Pola interposición de recursos de calquera clase, pola remisión do tanto de culpa á xurisdición penal ou pola presentación de denuncia ante o Ministerio Fiscal, así como polas actuacións realizadas con coñecemento formal do beneficiario ou da entidade colaboradora no curso de ditos recursos.
- c) Por calquera actuación comprobable do beneficiario ou da entidade colaboradora conducente á liquidación da subvención ou do reintegro.

ARTIGO 29. PROCEDEMENTO DE REINTEGRO.

1. O procedemento de reintegro de subvencións se rexerá polas disposicións xerais sobre procedementos administrativos contidos no título VI da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, sen prexuízo das especialidades que se establecen nesta lei e nas súas disposicións de desenrolo.

2. O procedemento de reintegro de subvencións se iniciará de oficio por acordo do órgano competente, ben por propia iniciativa, ben como consecuencia de orden superior, a petición razoada de outros órganos ou por denuncia. Tamén se iniciará a consecuencia do informe de control financeiro emitido pola Intervención General da Administración do Estado.

3. Na tramitación do procedemento se garantirá, en todo caso, o dereito do interesado á audiencia.

4. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento de reintegro será de 12 meses dende a data do acordo de iniciación. Dito prazo poderá suspenderse e ampliarse de acordo co previsto nos apartados 5 e 6 do artigo 42 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. Se transcorre o prazo para resolver sen que sexa notificada a resolución expresa, se producirá a caducidade do procedemento, sen prexuízo de continuar as actuacións ata a súa terminación e sen que se considere interrompida a prescrición polas actuacións realizadas ata a finalización do citado prazo.

5. A resolución do procedemento de reintegro porá fin á vía administrativa.

TÍTULO VII INFRACCIÓNS E SANCIÓN ADMINISTRATIVAS. PROCEDEMENTO SANCIONADOR

ARTIGO 30. INFRACCIÓNS ADMINISTRATIVAS

1. Constitúen infraccións administrativas en materia de subvencións as accións e omisións tipificadas neste regulamento e serán sancionables incluso a título de simple negligencia.

2. Infraccións leves.

Constitúen infraccións leves o incumprimento das obrigas recollidas nesta lei e nas bases reguladoras de subvencións cando non constitúen infraccións graves ou moi graves e non operen como elemento de graduación da sanción. En particular, constitúen infraccións leves as seguintes condutas:

- a) A presentación fora de prazo das contas xustificativas da aplicación dada ós fondos percibidos.
- b) A presentación de contas xustificativas inexactas ou incompletas.
- c) O incumprimento das obrigas formais que, non estando previstas de forma expresa no resto de parágrafos deste artigo, sexan asumidas como consecuencia da concesión da subvención, nos termos establecidos regulamentariamente.
- d) O incumprimento de obrigas de índole contable ou rexistral, en particular:
 - 1º. A inexactitude u omisión dunha o varias operacións na contabilidade e rexistros legalmente esixidos.
 - 2º. O incumprimento da obrigación de levar ou conservar a contabilidade, os rexistros legalmente establecidos, os programas e arquivos informáticos que lles sirvan de soporte, e os sistemas de codificación utilizados.
 - 3º. O emprego de contabilidades diversas que, referidas a unha mesma actividade e exercicio económico, non permitan coñecer a verdadeira situación da entidade.
 - 4º. A utilización de contas con significado distinto do que lles corresponde, segundo a súa natureza, que dificulte a comprobación da realidade das actividades subvencionadas.
- e) O incumprimento das obrigas de conservación de xustificantes ou documentos equivalentes.
- f) A resistencia, obstrución, escusa ou negativa ás actuacións de control financeiro. Enténdese que existen estas circunstancias cando o responsable das infraccións administrativas en materia de subvencións, debidamente no-

tificado ó efecto, realizara actuacións tendentes a dilatar, entorpecer ou impedir as actuacións da Intervención no exercicio das funcións de control financeiro. Entre outras, constitúen resistencia, obstrución, escusa ou negativa as seguintes condutas:

- 1ª. Non aportar ou non facilitar o exame de documentos, informes, antecedentes, libros, rexistros, ficheiros, xustificantes, asentos de contabilidade, programas e arquivos informáticos, sistemas operativos e de control e calquera outro dato obxecto de comprobación.
- 2ª. Non atender algún requirimento.
- 3ª. A incomparecencia, salvo causa xustificada, no lugar e tempo sinalado.
- 4ª. Negar ou impedir indebidamente a entrada ou permanencia en locais de negocio e demais establecementos ou lugares nos que existan indicios probatorios para a correcta xustificación dos fondos recibidos polo beneficiario ou a entidade colaboradora, ou da realidade e regularidade da actividade subvencionada.
- 5ª. As coaccións ó persoal controlador que realice o control financeiro.

g) As demais condutas tipificadas como infraccións leves na normativa da Unión Europea en materia de subvencións.

3. Infraccións graves.

Constitúen infraccións graves as seguintes condutas:

- a) O incumprimento da obriga de comunicar ó órgano concedente ou á entidade colaboradora a obtención de subvencións, axudas públicas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade.
- b) O incumprimento das condicións establecidas alterando substancialmente os fins para os que a subvención foi concedida.
- c) A falta de xustificación do emprego dado ós fondos recibidos unha vez transcorrido o prazo establecido para a súa presentación.
- d) A obtención da condición de entidade colaboradora falseando os requisitos requiridos nas bases reguladoras da subvención ou ocultando os que a houbesen impedido.
- e) O incumprimento por parte da entidade colaboradora da obriga de verificar, no seu caso, o cumprimento e efectividade das condicións ou requisitos determinantes para o outorgamento das subvencións, cando de elo se derive a obriga de reintegro.
- f) As demais condutas tipificadas como infraccións graves na normativa da Unión Europea en materia de subvencións.

4. Infraccións moi graves.

Constitúen infraccións moi graves as seguintes condutas:

- a) A obtención dunha subvención falseando as condicións requiridas para a súa concesión ou ocultando as que a houbesen impedido ou limitado.
- b) A non aplicación, en todo ou en parte, das cantidades recibidas ós fins para os que a subvención foi concedida.
- c) A resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de control previstas, cando de elo se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado ós fondos percibidos, ou o cumprimento da finalidade e da realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
- d) A falta de entrega, por parte das entidades colaboradoras, cando así se estableza, ós beneficiarios dos fondos recibidos de acordo cos criterios previstos nas bases reguladoras da subvención.
- e) As demais condutas tipificadas como infraccións moi graves na normativa da Unión Europea en materia de subvencións.

ARTIGO 31. SANCIÓN S

1. As infraccións en materia de subvencións se sancionarán mediante a imposición de sancións pecuniarias e, cando proceda, de sancións no pecuniarias.

2. As sancións pecuniarias poderán consistir en multa fixa ou proporcional. A sanción pecuniaria proporcional se aplicará sobre a cantidade indebidamente obtida, aplicada ou non xustificada. A multa fixa estará comprendida entre 75 e 6.000 euros e a multa proporcional pode ir do tanto ó triplo da cantidade indebidamente obtida, aplicada ou non xustificada ou, no caso de entidades colaboradoras, dos fondos indebidamente aplicados ou xustificados. A multa pecuniaria será independente da obriga de reintegro e para o seu cobro resultará igualmente de aplicación o réxime xurídico previsto nas normas orzamentarias (das restantes Administracións públicas).

3. As sancións non pecuniarias, que se poderán impoñer no caso de infraccións graves ou moi graves, poderán consistir en:

- a) Perda durante un prazo de ata cinco anos da posibilidade de obter subvencións, axudas públicas e avales das Administracións públicas ou outros entes públicos.

- b) Perda durante un prazo de ata cinco anos da posibilidade de actuar como entidade colaboradora en relación cas subvencións reguladas nesta lei.
- c) Prohibición durante un prazo de ata cinco anos para contratar cas Administracións Públicas.

ARTIGO 32. GRADUACIÓN DAS SANCIONES

1. As sancións polas infraccións a que se refire este capítulo graduaranse atendendo en cada caso concreto a:

- a) A comisión repetida de infraccións en materia de subvencións. Entenderase producida esta circunstancia cando o suxeito infractor fora sancionado por unha infracción da mesma natureza, e sexa grave ou moi grave, en virtude de resolución firme en vía administrativa dentro dos catro anos anteriores á comisión da infracción. Cando concorra esta circunstancia na comisión dunha infracción grave ou moi grave, a porcentaxe da sanción mínima se incrementará entre 10 e 75 puntos.
- b) A resistencia, negativa ou obstrución ás actuacións de control desta lei. Cando concorra esta circunstancia na comisión dunha infracción grave ou moi grave, a porcentaxe da sanción mínima se incrementará entre 10 e 75 puntos.
- c) A utilización de medios fraudulentos na comisión de infraccións en materia de subvencións.
A estes efectos, se considerarán principalmente medios fraudulentos os seguintes:
 - 1º. As anomalías substanciais na contabilidade e nos rexistros legalmente establecidos.
 - 2º. O emprego de facturas, xustificantes ou outros documentos falsos ou falseados.
 - 3º. A utilización de persoas ou entidades interpostas que dificulten a comprobación da realidade da actividade subvencionada. cando concorra esta circunstancia na comisión dunha infracción grave ou moi grave, a porcentaxe da sanción mínima se incrementará entre 20 e 100 puntos.
- d) A ocultación á Administración, mediante a falta de presentación da documentación xustificativa ou a aplicación dada á subvención recibida. Cando concorra esta circunstancia na comisión de una infracción grave o moi grave presentación de documentación incompleta ou inexacta, dos datos necesarios para a verificación da, a porcentaxe da sanción se incrementará entre 10 e 50 puntos.
- e) O retraso no cumprimento das obrigas formais.

2. Os criterios de graduación son aplicables simultaneamente. O criterio establecido no parágrafo e) se empregará exclusivamente para a graduación das sancións por infraccións leves.

3. Os criterios de graduación recollidos nos apartados anteriores no poderán utilizarse para agravar a infracción cando estean contidos na descripción da conduta infractora ou formen parte do propio ilícito administrativo.

4. O importe das sancións leves impostas a un mesmo infractor por cada subvención non excederá no seu conxunto do importe da subvención inicialmente concedida.

5. O importe das sancións graves e moi graves impostas a un mesmo infractor por cada subvención non excederá no seu conxunto do triplo do importe da cantidade indebidamente obtida, aplicada ou non xustificada ou, no caso de entidades colaboradoras, dos fondos indebidamente aplicados ou xustificados.

ARTIGO 33. SANCIONES POR INFRACCIONES LEVES

1. Cada infracción leve será sancionada con multa dende 75 a 900 euros, salvo o disposto no apartado seguinte.

2. Serán sancionadas en cada caso con multa dende 150 a 6.000 euros as seguintes infraccións:

- a) A inexactitude ou omisión dunha ou varias operacións na contabilidade e rexistros legalmente esixidos.
- b) O incumprimento da obriga de levar a contabilidade ou dos rexistros legalmente establecidos.
- c) Levar contabilidades diversas que, referidas unha mesma actividade, non permita coñecer a verdadeira situación da entidade.
- d) A utilización de contas con significado distinto do que lles corresponde, segundo a súa natureza, que dificulte a comprobación da realidade das actividades subvencionadas.
- e) A falta de aportación de probas e documentos requiridos por los órganos de control ou a negativa a súa exhibición.
- f) O incumprimento por parte das entidades colaboradoras das obrigas establecidas.

ARTIGO 34. SANCIONES POR INFRACCIONES GRAVES.

1. As infraccións graves serán sancionadas con multa pecuniaria proporcional do tanto ó dobre da cantidade indebidamente obtida, aplicada ou non xustificada ou, no caso de entidades colaboradoras, dos fondos indebidamente aplicados ou xustificados.

2. Cando o importe do prexuízo económico correspondente á infracción grave represente mais do 50 por cento da subvención concedida ou das cantidades recibidas polas entidades colaboradoras, e excedera de 30.000 euros, concorrendo algunha das circunstancias de obstrución ás actuacións de control ou de utilización de medios fraudulentos, os infractores poderán ser sancionados, ademais, con:

- a) Perda, durante un prazo de ata tres anos, da posibilidade de obter subvencións, axudas públicas e avales da Administración ou outros entes públicos.
- b) Prohibición, durante un prazo de ata tres anos, para celebrar contratos ca Administración ou outros entes públicos.
- c) Perda, durante un prazo de ata tres anos, da posibilidade de actuar como entidade colaboradora en relación cas subvencións reguladas nesta lei.

ARTIGO 35. SANCIONES POR INFRACCIONES MOI GRAVES

1. As infraccións moi graves serán sancionadas con multa pecuniaria proporcional do dobre ó triplo da cantidade indebidamente obtida, aplicada ou non xustificada ou, no caso de entidades colaboradoras, dos fondos indebidamente aplicados ou xustificadas.

Non obstante, non se sancionarán as infraccións relativas á non aplicación en todo este punto das cantidades recibidas á finalidade para a que se concedeu a subvención, e a resistencia, escusa, abstención ou negativa ás actuacións de control cando os infractores houberan reintegrado as cantidades e os correspondentes intereses de demora sen previo requirimento.

2. Cando o importe do prexuízo económico correspondente á infracción moi grave exceda de 30.000 euros, concorrendo algunha das circunstancias previstas, os infractores poderán ser sancionados, ademais, con:

- a) Perda, durante un prazo de ata cinco anos, da posibilidade de obter subvencións, axudas públicas e avales de la Administración u outros entes públicos.
- b) Prohibición, durante un prazo de ata cinco anos, para celebrar contratos ca Administración ou outros entes públicos.
- c) Perda, durante un prazo de ata cinco anos, da posibilidade de actuar como entidade colaboradora en relación cas subvencións reguladas nesta lei.

ARTIGO 36. DESENROLO DO RÉXIME DE INFRACCIONES E SANCIONES

As correspondentes convocatorias poderán introducir especificacións ou graduacións ó cadro das

infraccións ou sancións sempre que non altere a natureza ou límites que este regulamento prevea de conformidade a LXS, e que contribúan á mais correcta identificación das condutas ou das sancións correspondentes.

ARTIGO 37. PRESCRIPCIÓN DE INFRACCIONES E SANCIONES

1. As infraccións prescribirán no prazo de catro anos a contar dende o día en que a infracción se houbera cometido.

2. As sancións prescribirán no prazo de catro anos a contar dende o día seguinte a aquel en que adquirise firmeza a resolución pola que se impuxo a sanción.

3. O prazo de prescripción se interromperá conforme ó establecido no artigo 132 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

4. La prescripción se aplicará de oficio, sen prexuízo de que poda ser solicitada a súa declaración polo interesado.

ARTIGO 38. PROCEDIMIENTO SANCIONADOR

1. A imposición das sancións en materia de subvencións se efectuará mediante expediente administrativo no que, en todo caso, se dará audiencia ó interesado antes de ditarse o acordo correspondente e que será tramitado conforme ó disposto no capítulo II do título IX da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

2. O procedemento se iniciará de oficio, como consecuencia, da actuación de comprobación desenrolada polo órgano concedente ou pola entidade colaboradora, así como das actuacións de control financeiro previstas nesta lei.

3. Os acordos de imposición de sancións porán fin á vía administrativa.

ARTIGO 39. EXTINCIÓN DA RESPONSABILIDADE DERIVADA DA COMISIÓN DE INFRACCIONES

A responsabilidade derivada das infraccións extínguese polo pago ou cumprimento da sanción ou por prescripción ou falecemento.

TÍTULO VIII SUBVENCIONES E AXUDAS NON ECONÓMICAS CAPÍTULO I SUBVENCIONES EN ESPECIE

ARTIGO 40.—RÉXIME XURÍDICO E PROCEDIMIENTO DE CONCESIÓN

1.—As entregas a título gratuíto de bens e dereitos se rexerán pola lexislación patrimonial.

2.—Non obstante o anterior, será de aplicación esta ordenanza, cando a axuda consista na entrega de bens, dereitos ou servicios adquiridos polo Concello de Poio coa finalidade exclusiva de entregalos a un terceiro.

En todo caso, a adquisición efectuada polo Concello para o fin sinalado someterase á normativa sobre contratación das administracións públicas.

3.—As axudas desta natureza terán o mesmo réxime xurídico e estarán sometidas o mesmo procedemento de concesión que as subvencións de carácter económico coas seguintes excepcións:

- a) Na documentación que acompaña a solicitude de subvención non será necesaria incorporar-las datos bancarios do beneficiario.
- b) A xustificación da subvención consistirá única e exclusivamente, na presentación, por parte do beneficiario, dunha declaración xurada que acredite que os medios materiais recibidos, foron destinados os proxectos, accións, conductas ou situacións obxecto da subvención.
- c) A consignación económica que o Concello debe prever anualmente no seu orzamento, terá como finalidade a adquisición dos medios materiais que constituísen o obxecto da subvención

CAPÍTULO II PREMIOS

ARTIGO 41.—CONCESIÓN DE PREMIOS

O réxime especial aplicable o outorgamento de premios educativos, culturais, científicos ou de calquera outra natureza suxeitos a aplicación da LXS deberán axustarse o contido desta ordenanza, agás en aqueles aspectos nos que, pola especial natureza das subvencións, non resulte aplicable.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza publicarase no Boletín Oficial da Provincia, entrando en vigor transcorridos quince días hábiles dende a súa publicación, conforme o establecido no art. 70.2 en relación co art. 65.2 da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local.

O que se fai público para xeral coñecemento, facendo constar que contra o acordo e ordenanza aprobada, poderá interpoñerse directamente ante o TSXG, no prazo de dous meses, contados dende esta publicación, recurso contencioso-administrativo, de conformidade co disposto nos artigos 10.1b) e 46.1 da Lei 29/198, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

En Poio, a 25 de maio de 2005.—O Alcalde, Luciano Sobral Fernández. **2005004966**

TUI

E D I C T O

Polo prazo de dez días expónse ó público o expediente, interesado pola persoa que se indica:

- Dona María Esther Pino Barro, para un café-bar con música, sito na avda. de Portugal, 54 baixo, desta cidade.

Tui, a 14 de maio de 2005.—O Alcalde, Antonio F. Fernández Rocha. **2005004881**

E D I C T O

Polo prazo de dez días expónse ó público o expediente, interesado pola persoa que se indica:

- Dona María José Viana González, para instalación dun restaurante, escuela de cocina y camareros, sito en la avda. de la Concordia, 38 baixo desta cidade.

Tui, a 14 de maio de 2005.—O Alcalde, Antonio F. Fernández Rocha. **2005004880**

E D I C T O

Polo prazo de dez días expónse ó público o expediente, interesado pola persoa que se indica:

- Don Jesús José María Gómez Grobas, para instalación de nave para almacén (almacenamiento materiales de construcción), sito na parcela 66, 2º. Fase do Parque Empresarial de Areas-Tui.

Tui, a 14 de maio de 2005.—O Alcalde, Antonio F. Fernández Rocha. **2005004879**



MANCOMUNIDADE DO VAL MIÑOR

E D I C T O

Aprobado inicialmente pola Xunta da Mancomunidade de Concellos do Val Miñor na súa sesión celebrada o día 6/5/2005, o Orzamento da Mancomunidade para o exercicio 2005, exponse ó público perante o prazo de quince días a fin de que os interesados poidan examinalo e presentar reclamacións ante a Xunta, conforme o art. 169 do R.D. Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Nigrán, 16 de maio de 2005.—O Presidente, Alfredo Rodríguez Millares. **2005004807**